



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN: Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 80 41 00

<http://bop.depontevedra.es>

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 87 34 00

Depósito Legal: PO-1-1958

— MIÉRCOLES 4 AGOSTO —

AÑO 2004

Núm. 149

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES	<i>Pág.</i>
Instituto Nacional de Empleo.....	2
MINISTERIO DE HACIENDA	
<i>Agencia Estatal de Admón. Tributaria</i>	
Delegación de Vigo	2

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	
Servicio Provincial de Estradas	3
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE	
<i>Augas de Galicia</i>	
Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico.....	3
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	
<i>Convenios Colectivos</i>	
Eulén, S.A.	4
Comercio de Alimentación de Pontevedra	8
Kvaerner Eureka Española, S.A.	9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

Municipal	<i>Pág.</i>
Vigo	17
Lalín	18
O Porriño	18
Poio.....	20
Ponte Caldelas.....	21
Redondela	22
Rodeiro	23
O Rosal	23
Silleda	24
Soutomaíor	25
Tomiño	26
Vilaboa	26

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción	
De Vigo.....	26
De Caldas de Reis	27
De Cambados.....	27

SECCIÓN NO OFICIAL

Comunidad de Usuarios	
“Fonte Vella de Baredo”	28
Notas - Anuncio	28

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS
SERVICIO PROVINCIAL DE ESTRADAS

PONTEVEDRA

Resolución do 29 de xullo do 2004 do Servicio Provincial de Estradas da Xunta de Galicia de Pontevedra, pola que se sinala a data para o Levantamento de Actas Previas á Ocupación —trámite de urxencia—, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto: “Glorieta na estrada PO-205 na Semana Verde (Silleda), Clave: PO/04/008.06. Concello de Silleda”.

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia, establece no seu apartado 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

As obras sinaladas no encabezamento da presente resolución atópanse incluídas no programa de obras que se van realizar con cargo ó programa “413-B Construcción, conservación e explotación de estradas”.

Con data do 5 de abril de 2004, procédese á aprobación do proxecto de trazado das obras: “Glorieta na estrada PO-205 na Semana Verde (Silleda), Clave: PO/04/008.06, Concello de Silleda”, polo Director Xeral de Obras Públicas, por delegación do Excmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Con data do 5 de maio de 2004, a Xunta de Galicia, procedeu á declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios a efectos de expropiación para as mencionadas obras por Decreto 91/2004, publicado no D.O.G. nº 92, de data 13 de maio de 2004.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 e 56 e seguintes do Regulamento para a súa aplicación, este Servicio, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada Lei, resolveu convoca-los titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan nos lugares, datas e horas que se citan para procederem ó levantamento das Actas Previas á Ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determina-los bens e dereitos afectados, e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladar ó lugar dos predios se o consideran necesario.

CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE SILLEDA

Día: 8 de setembro do 2004.

Horario: 10.00 a 13.30 horas.

De: O predio nº 001 o último predio.

A relación de titulares dos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostas no concello de Silleda, e no Servicio Provincial de Estradas da Xunta de Galicia de Pontevedra, en la calle Said Armesto nº 1, 36.001 Pontevedra.

Ó dito acto deberán acudi-los titulares afectados, persoalmente ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuaren no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, Documento Nacional de Identidade e último recibo da contribución, podendo achegarse, pola súa conta, se o consideran oportuno dos seus peritos e notario.

Así mesmo e no cumprimento do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado ou ata o momento do levantamento das Actas Previas á Ocupación correspondente, para o fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servicio Provincial de Estradas da Xunta de Galicia de Pontevedra, as alegacións que estimen pertinentes para o obxecto de enmendar posibles erros padecidos ó relaciona-los bens afectados pola urxente ocupación.—O Enxeñeiro Xefe, Fausto Núñez Vilar. 6837

Consellería de Medio Ambiente Augas de Galicia

DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE DOMINIO
PÚBLICO HIDRÁULICO

A N U N C I O

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por Resolución do presidente do organismo autónomo Augas de Galicia de data 14 de xuño de 2004, e como resultado do expediente incoado para o efecto, foille outorgada á Comunidade de Usuarios de Outeiro, a concesión dun caudal de auga de 0,36 l/s procedente de tres mananciais situados no lugar de Outeiro, na parroquia de Bemil, no concello de Caldas de Reis (Pontevedra), con destino a uso doméstico.

Número expte.: DH.A36.5982.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2004.—
O Xefe do Servicio de Tramitación Técnico-Administrativa, José Ángel Someso Anguita. 5614

Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

DELEGACIÓN PROVINCIAL

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo da empresa "EULEN, S.A.", con número de código 3602191, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o día 02/03/2004, suscrito, en representación da parte económica por unha representación da empresa, e, da parte social, polo comité de empresa, en data 23/02/2004. De conformidade co disposto no artigo 90, 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñe-la súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, e no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, oito de marzo de dous mil catro.—O Delegado Provincial, Joaquín Macías Sánchez. 2205

CONVENIO COLECTIVO SUSCRITO ENTRE O PERSOAL DO SERVICIO DE MANTENIMENTO DO HOSPITAL MEIXOEIRO E A EMPRESA EULEN, S. A.

ARTIGO 1.—ÁMBITO FUNCIONAL

O presente Convenio afectará por igual a todas as empresas que poidan resultar adxudicatarias do servizo de mantemento do Hospital do Meixoeiro e a tódolos traballadores de dito servizo, que neste momento figuran adscritos á Empresa contratista EULEN, S. A.

ARTIGO 2.—ÁMBITO TEMPORAL

A vixencia deste convenio terá unha duración de catro anos, do 1 de xaneiro de 2003 ó 31 de decembro do 2006.

Entenderase prorrogado por anos naturais mentres non medie denuncia dalgunha das partes con tres meses de antelación.

ARTIGO 3.—XORNADA DE TRABALLO

A xornada laboral será a mesma que realiza o persoal do SERGAS, tanto en cómputo diúrno como nocturno.

As quendas de traballo se repartirán en xornadas de 7 horas de mañá, 7 no serán e 10 de noite.

O traballador que realiza as funcións de limpeza nocturna da lavandería percibirá, como compensación da súa xornada, un plus o complemento de posto de traballo do 15 % do salario base mensual, correspondéndolle, ademais, os mesmos dereitos en canto a festivos e moscosos que o resto do traballadores.

ARTIGO 4.—DESCANSOS

O persoal disfrutará de 30 minutos de descanso, computado como tempo efectivo traballo que será de 10 a 11 na quenda da mañá, de 18 a 19 na quenda do serán e de 2 a 3 na quenda da noite.

ARTIGO 5.—XORNADA NOCTURNA

Fíxase un plus de nocturnidade en valor hora e tempo, idéntico ó establecido no cadro retributivo do SERGAS.

ARTIGO 6.—XORNADA EN DOMINGOS E FESTIVOS

Os traballadores/as que realicen xornada laboral en domingo ou festivo cobrarán o mesmo que o persoal do SERGAS e disfrutarán das mesmas vantaxes e festivos que por tal traballo ou concepto puideran corresponderlles.

O día 24 e 31 de Decembro terán os pluses de festivos simples e o 25 de decembro e o 1 de xaneiro como festivos dobres a efectos retributivos como no SERGAS.

ARTIGO 7.—ANTIGÜIDADE

O persoal comprendido no presente convenio percibirá aumentos periódicos por ano de servizo, consistentes no abono de trienios de idéntica contía á establecida nos cadros retributivos do SERGAS para dito concepto.

ARTIGO 8.—HORAS EXTRA

Con carácter xeral queda prohibida a realización de horas extras, admitíndose soamente en caso de emerxencia ou as de carácter estrutural. Nestes casos o valor da hora extraordinaria queda fixado

en 12 Euros para o 2004, 13 Euros para o 2005 y 14 Euros con efectos do 01.01.2006, podendo compensarse con descansos a razón dun día e medio de descanso por cada xornada de traballo realizada en horas extras.

ARTIGO 9.—I.T.

O persoal afectado por este Convenio que se atope en situación de I.T. percibirá o 100% do salario en caso de enfermidade laboral ou común e no caso de accidente laboral ou común, dende o primeiro día da baixa.

No caso de baixa por I.T. referido ós casos anteriores, as pagas extraordinarias se percibirán completas.

ARTIGO 10.—PAGAS EXTRAORDINARIAS

Todo o persoal incluído no ámbito funcional do presente Convenio Colectivo percibirá as pagas extraordinarias que, segundo o cadro retributivo do Sergas, lle correspondan en función da súa categoría laboral. Ditas pagas faranse efectivas antes do 20 de xullo e 20 de decembro.

ARTIGO 11.—PAGO DAS NÓMINAS

O pago farase efectivo o último día de cada mes, dando un prazo por motivos burocráticos ou de forza maior ata o día 2 do mes seguinte. As nóminas entregaranse como máximo o terceiro día de cada mes.

ARTIGO 12.—SALARIOS

Os traballadores comprendidos no presente Convenio percibirán as mesmas retribucións que poidan corresponderlle ó persoal propio do Sergas con idéntica categoría laboral, segundo os cadros retributivos de dito Organismo.

ARTIGO 13.—SUBROGACIÓN DO PERSOAL

Ó remate da concesión da contrata de mantemento os traballadores da empresa contratista saínte, pasarán a estar adscritos á nova titular da contrata, que se subrogará en tódolos dereitos e obrigas da anterior adxudicataria con respecto a tódolos traballadores calquera que sexa a situación na que se encontren e a modalidade do seu contrato de traballo coa única excepción daqueles traballadores que foran incorporados dentro dos catro últimos meses se dita incorporación non se debe a ampliación da contrata ou unha esixencia expresa do cliente.

Nun prazo de 3 días hábiles, a empresa saínte deberá facilitar á entrante a seguinte documentación:

- Certificado do organismo competente de estar o corrente no pago da Seguridade Social.

- Fotocopia das catro últimas nóminas mensuais dos traballadores afectados.
- Fotocopias dos TC1 e TC2 de cotizacións á Seguridade Social dos últimos catro meses.
- Relación de persoal na que se especifique: Nome, apelidos, enderezo, nº afiliación á Seguridade Social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de disfrute das vacacións.

O empresario saínte estará así mesmo, obrigado a liquidar ó entrante as partes proporcionais dos conceptos retributivos dos traballadores ó obxecto de que estes poidan disfrutar completas as súas vacacións e cobrar integramente as pagas correspondentes.

O contrato de traballo entre a empresa saínte e os traballadores só se extingue no momento no que se produza a subrogación do mesmo por parte da nova adxudicataria.

A aplicación deste artigo seralle de obrigado cumprimento ás partes ás que se vincula, empresa cesante, nova adxudicataria e traballador. Sen que desaparez a seu carácter vinculante por efecto de que a empresa adxudicataria do servizo suspenda o mesmo por un período inferior a dous meses.

Ámbalas partes, co fin de garantir a subrogación acolleranse ao artigo 9, parágrafo f), do Convenio Colectivo Provincial de Siderometalurxia de Pontevedra.

ARTIGO 14.—LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA

En todo o que non estea previsto neste Convenio remítense as partes ó establecido no Estatuto dos Traballadores, Ordenanza Laboral Siderometalúrgica, Convenio Provincial Siderometalúrxico de Pontevedra e normativa propia do SERGAS.

ARTIGO 15.—EXCEDENCIAS

Os traballadores cunha antigüidade na empresa de ao menos un ano, terán dereito a que lles recoñezan a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un período non inferior a dous anos nin superior a cinco. Este dereito so poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador cando teñan transcorrido catro anos dende o remate da anterior excedencia.

Os traballadores terán dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos, para atender ó coidado de cada fillo, a contar desde a data de nacemento deste. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia, que, no seu caso, porá fin o que viña disfrutando. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito.

Poderán, así mesmo, solicitar o seu paso a situación de excedencia na empresa os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

O traballador excedente terá dereito a reserva do seu posto de traballo no primeiro ano da mesma, conservando nos sucesivos anos un dereito preferente ao reingreso nas vacantes que houbera o se orixinaran. A reincorporación a empresa terá que ser solicitada cun preaviso de dous meses.

No non disposto neste artigo, estarase ó disposto na normativa citada no artigo de Lexislación subsidiaria.

ARTIGO 16.—RECOÑECEMENTO MÉDICO

Todo o persoal afectado no presente Convenio, terá dereito a efectuar unha revisión anual a cargo da empresa no primeiro semestre de cada ano.

Os recoñecementos médicos serán de carácter voluntario e consistirán en:

- Audiometría.
- Control de vista.
- Análise de sangue.
- Análise de orina.
- Esperimetría.
- Exploración clínica.
- Específicos: recoñecemento para a prevención de lesións musco-esqueléticas.
- Vacina Hepatite B

Por este motivo aboaráselle a todo o persoal da empresa que estea fora de servizo catro horas extras coa correspondente xustificación.

Os resultados de dito recoñecemento médico son confidenciais e serán entregados ó traballador/a nun sobre pechado.

En caso de que en dito recoñecemento se detectara algunha anomalía que tivera posibles consecuencias para o traballador/a sería notificado con urxencia ó interesado/a.

ARTIGO 17.—LICENCIAS RETRIBUÍDAS

O traballador, previo aviso e posterior xustificación, terá dereito a permisos retribuídos durante o tempo e os supostos seguintes:

- a) Dezaseis días naturais no caso de matrimonio do traballador.
- b) Tres días laborais no caso de nacemento dun fillo.
- c) Cinco días naturais no suposto de morte do cónxuxe, fillos, pais e pais políticos.
- d) Tres días naturais no suposto de morte de irmáns, netos, avós, fillos políticos e irmáns políticos. Si o traballador necesítase facer un desprazamento fora da provincia, concederáselle dous días naturais máis.
- e) Tres días naturais no suposto de enfermidade grave de cónxuxe ou fillos e dous días naturais no suposto de enfermidade grave de pais, avós, irmáns, netos e pais políticos, circuns-

tancia que deberá ser xustificada feacemente.

As referencias que tanto no apartado c) coma no e) se fai ao cónxuxe, referiranse tamén ao compañeiro/a en situación estable, sempre que a acreditación de dita situación sexa anterior a solicitude de calquera licencia.

- f) Un día natural no suposto de traslado de domicilio.
- g) O tempo necesario nos casos de asistencia a consulta médica de especialistas da Seguridade Social, cando coincida o horario de consulta co traballo prescribíbase dita consulta polo facultativo de medicina xeral, debendo presentar previamente o traballador na empresa o volante xustificativo da referida prescrición médica. Nos demais casos, ata o límite de 22 horas o ano.
- h) O tempo necesario para a realización de exames coa correspondente comunicación previa e posterior xustificación.
- i) O tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal. Cando conste unha norma legal ou convencional un período determinado, estarase o que dispoña en canto a duración da ausencia e a súa compensación económica.
- j) Todo traballador/a que por orden médica teña que facer calquera tipo de rehabilitación nun centro de saúde, disporá do tempo necesario, entendéndose que as sesións de rehabilitación serán sempre no mesmo horario
- k) Un día natural no caso de matrimonio de fillos e irmáns.
- l) Un día natural polo falecemento dun parente de terceiro grado sempre que conviva no domicilio do traballador (tío, tío político, avó político, etc.).

ARTIGO 18.—LICENCIAS NON RETRIBUÍDAS

Os traballadores serán dereito a licencias non retribuídas pero que deberán ser debidamente xustificadas nos casos seguintes:

- a) Enfermidade grave de parentes.
- b) Acompañar a fillos menores de idade o médico.
- c) Ata sete días naturais por necesidades persoais xustificadas.
- d) Os traballadores que teñan unha antigüidade maior de cinco anos, poderán solicitar unha licencia sen salario por un período máximo de 11 meses (tempo sabático) cando o mesmo teña por obxecto a formación persoal ou o desenvolvemento profesional do traballador.

ARTIGO 19.—CAPACIDADE DIMINUÍDA

Todos aqueles traballadores que por accidente de traballo ou enfermidade profesional, con redución das súas facultades físicas e intelectuais, sufran unha capacidade diminuída, terán preferencia para ocupar postos máis aptos, en relación as súas condicións, que existan na Empresa, sempre que teñan aptitude e idoneidade para o novo posto.

ARTIGO 20.—VACACIÓNS

Os traballadores/as afectados polo presente convenio, disfrutaran de trinta días de vacacións ininterrompidas entre os meses de xuño e setembro, ámbolos dous inclusive. O calendario de vacacións fixarase con dous meses de vacacións ao comezo do disfrute, para o seu coñecemento polos traballadores/as.

O persoal poderá percibir como anticipo, na nómina correspondente do mes anterior o disfrute, ata o 50% do salario correspondente ao período de vacacións, debendo solicitalo por escrito con antelación suficiente.

Todo o persoal que antes ou durante o período de vacacións estea en situación de I.T. terá dereito ao disfrute das mesmas, sempre que cause alta antes do remate do ano natural, ou sempre que o alta sexa no mes de decembro o disfrute das mesmas poderá ser ata os primeiros 15 días do ano entrante.

O pago das mesmas será o mesmo que o cadro retributivo do SERGAS incluíndo as melloras que puideran ter.

ARTIGO 21.—PRENDAS DE TRABALLO

A empresa dotará ó persoal, como mínimo anualmente, de dúas prendas de traballo (dúas camisas, dous pantalóns, dúas chaqueteiras e un buzo). Entregarase así mesmo un par de zapatos, e cada dous anos un par de botas de seguridade, cada catro anos un chaquetón de abrigo e así mesmo a empresa dotara de roupa de auga ao persoal que a necesite.

As prendas de traballo (camisas, pantalóns e chaqueteiras) terán unha composición adecuada as tarefas que se realicen como marca a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

A entrega de roupa e calzado se efectuará nos meses de Abril e Outubro do mesmo ano.

O traballador que realiza a súa labor con gafas graduadas, terá dereito a que se lle proporcionen outras, sempre que en razón do traballo as súas sufran algún deterioro. No caso de conflito relativo a este dereito, convocarase unha comisión paritaria formada por dous representantes dos traballadores e dous representantes da Empresa.

ARTIGO 22.—SEGURO COLECTIVO

A partires dos trinta días da firma deste Convenio, a empresa contratará un seguro colectivo de accidentes, aboando o importe íntegro das primas, debendo cubrir a póliza a seguinte contía mínima de indemnizacións.

- Accidente laboral ou común co resultado de morte: 15.000 Euros.
- Accidente laboral ou común co resultado de Invalidez Total, Absoluta, Gran Invalidez ou enfermidade profesional: 18.000 Euros.

Unha copia da póliza fixarase no taboleiro de anuncios da empresa.

ARTIGO 23.—LIQUIDACIÓN POR CESE

A empresa concederá a os traballadores que, tendo a idade que de seguido se indica, causen baixa na Empresa por propia vontade:

- Ós 60 anos: 4 meses de vacacións.
- Ós 61 anos: 3 meses de vacacións.
- Ós 62 anos: 2 meses de vacacións.
- Ós 63 anos: 1 meses de vacacións.
- Ós 64 anos e de conformidade no disposto no R.D. Lei 14/81, de 20 de Agosto, e do R.D. do 1194/85, a tal efecto a empresa deberá contratar simultaneamente en lugar do xubilado a outro traballador/a que sexa titular do dereito a calquera das prestacións económicas de desemprego.

ARTIGO 24.—COMISIÓN PARITARIA

No momento da sinatura do presente Convenio constituirase a Comisión Paritaria do mesmo, que quedará composta por catro persoas de cada parte, tanto en representación da empresa como en representación dos traballadores.

As funcións desta Comisión Paritaria consistirán en vixiar e interpretar o cumprimento de cada un dos pactos que interveñen e constitúen a normativa do vixente pacto colectivo.

Os conflitos que puideran xurdir, e non estando de acordo as partes para solucionar as discrepancias existentes, porán acudir ós organismos administrativos o xudiciais correspondentes, así como ás disposicións contidas no A.G.A., para á solución extraxudicial de conflitos laborais.

ARTIGO 25.—ACCIÓN SINDICAL

Sen perxuicio do disposto na lexislación vixente, os traballadores/as disfrutarán das seguintes garantías sindicais:

- A empresa dará conta das novas contratacións que haxa ós representantes dos traballadores/as.

- A empresa disporá dun taboleiro de anuncios no que poderá fixarse propaganda sindical a cal deberá axustarse ó disposto no E.T.
- Dentro das formalidades previstas no artigo 77 e seguintes do E.T. a empresa facilitará o exercicio e reunións informativas dentro da xornada laboral, empregando un máximo de dúas horas ó mes.
- Cada representante sindical disporá do crédito de horas sindicais fixadas no E.T. para o exercicio das súas funcións de representación. Neste crédito quedarán incluídas as horas destinadas a asistir as convocatorias sindicais, que en todo caso deberán ser correctamente realizadas. Non se computaran dentro deste crédito horario as reunións motivadas pola negociación colectiva coa empresa.
- Ante a imposición de sanción a un traballador derivada de falta moi grave, esta será oída coa antelación suficiente, tanto por parte do delegado sindical que corresponda a afiliación do traballador como así mesmo o Comité de Empresa, como fai referencia o artigo 55.1 do ET e o artigo 10.3.3 da LOLS.

ARTIGO 26.—ESTABILIDADE NO EMPREGO

Tódolos oficiais de mantemento que prestaran servizo para a empresa durante un período superior a un ano pasarán a ter contrato de persoal fixo de Centro. Sen que esta circunstancia afecte ó persoal que estea realizando substitucións doutros traballadores con dereito a reserva do posto de traballo.

ARTIGO 27.—SAÚDE LABORAL

Estarase ó disposto no recollido na Lei de Prevención de Riscos Laborais e normativa de desenrolo da mesma.

ARTIGO 28.—NON Á DISCRIMINACIÓN

Homes e mulleres gozarán de igualdade de oportunidades en canto nó emprego, formación, promoción e desenrolo no traballo. Respectando, en calquera caso, o principio de igual traballo, igual salario. Non se pode discriminar ós traballadores/as por ser cargos sindicais, polo seu credo, político, relixión ou cor da pel.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Durante a vixencia do presente convenio pasarán a ter a categoría laboral de Conductores de Instalacións 3 profesionais de Oficio do modo seguinte: 1 con efectos de xaneiro de 2004, 1 en xaneiro de 2.005 e 1 en xaneiro de 2006.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

En tódolos conceptos e melloras non recollidos neste Convenio Colectivo estarase equiparado co persoal do SERGAS a partir do 1 de Xaneiro do 2003.

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do laudo arbitral sobre discrepancias na composición e número de asesores da comisión deliberadora do convenio provincial para o “COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DE PONTEVEDRA”, de data 03/03/2004, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, o día 12/03/2004. De conformidade co disposto no artigo 90, 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, artigo 2.f) do Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición do devandito laudo arbitral no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñe-la súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, e no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, dezaseis de marzo de dous mil catro.—O Delegado Provincial, Joaquín Macías Sánchez. 2503

LAUDO ARBITRAL

JOSE M^a CASAS DE RON, designado polas partes árbitro en acta de compromiso arbitral de data 03 de marzo de 2004, en procedemento de solución de conflitos, en base ó establecido no Capítulo III do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), no que son interesados, dunha banda D. Cesar Graña Macenlle, en representación da Asociación de supermercados y autoservizos de la provincia de Pontevedra, D. Carlos Andrade Lago, D. Raul Vilariño Orge y D. José Manuel Francisco Mouriño, en representación da Asociación de comercio de mayoristas de la provincia de Pontevedra; e pola outra D. Roberto Puga Hermida, en representación de U.G.T., D. Manoel Zabala Iglesias, en representación de C.I.G., D^a Rosa Pérez Alvarez, en representación de CC.OO., y D. Luis A. Cardero Tabares, en representación de FETICO, partes firmantes da acta de compromiso arbitral citada, e lexitimados no conflito sobre diverxencias surxidas entre as mesmas, pola falta de acordo na composición e número de asesores da comisión deliberadora do convenio provincial para o comercio de alimentación de Pontevedra;

Visto o expediente e oídas as partes, resolvo a cuestión plantexada por medio do presente laudo en base ós seguintes

ANTECEDENTES:

- 1.—O árbitro proposto é o presidente da mesa de negociación do citado convenio. Nas catro reunións precedentes a que se celebrou no día de hoxe, non se atopa acordo sobre o número de asesores das centrais sindicais representadas na comisión deliberadora do convenio, plantexándose unha serie de diferenzas insalvables entre as dúas partes. No transcurso das intervencións o longo da sesión celebrada da comisión o día de hoxe, e ante o bloqueo que de feito afectaba a comisión para o arranque da negociación, as dúas partes en litixio, propoñen unha solución arbitral en base o artigo 46 do denunciado convenio colectivo, que prevé os procedementos de solución de conflitos do AGA, solicitándose deste xeito a intervención do presidente – mediador, nomeando árbitro, para que dunha forma taxativa e urxente dirima o litixio plantexado e se poda escomenzar a negociación colectiva, cumprindo así o papel social atribuído as partes en negociación para o establecemento das condicións colectivas de traballo.
- 2.—Dada a perentoriedade e necesidade das cuestións plantexada polas partes, asinado o correspondente compromiso arbitral, o árbitro na mesma sesión da propia negociación, urxe ás partes a exposición das súas respectivas posturas a fin de que se cumpran os principios de audiencia, contradición e igualdade.
- 3.—Dada a participación do árbitro tanto na reunión que se celebra nesta data, como a da anterior celebrada o día 25 de febreiro do ano en curso, da comisión deliberadora na que de xeito amplísimo e contradictorio foron expostas as diversas posturas e reivindicacións da cuestión en litixio, o árbitro entende que dispón de suficientes elementos para resolver a cuestión, que non é xurídica, dado que non se discute a composición da propia comisión deliberadora que, en todo caso se axusta os termos legais previstos na Lei do Estatuto dos Traballadores, senón que é cuestión a resolver en equidade, facendo da solución arbitral unha proposta equitativa e operativa, para que as partes desenvolvan o proceso negociador nunhas condicións positivas de garantía, igualdade negocial e ausencia de distorsións que poderían ser provocadas polas diferenzas entre as partes no número de asesores ou de asistentes as reunións da comisión.

- 4.—O árbitro entende asimesmo que no presente laudo fixará o seu parecer, de xeito equilibrado e operativo, o número de asesores por cada sindicato; sin perjuicio desto, tamén entende que o presidente dun convenio colectivo debe ter unha certa marxe de operatividade para que en cuestións concretas ou específicas, nas que a propia complexidade o demande, poda de xeito razoable, xustificadamente e proporcionado, alterar o número de asesores ou asistentes, que se incrementaría para tales cuestións puntuais, facendo, coa necesaria antelación, unha comunicación no seo da propia comisión deliberadora que garante o principio de igualdade e publicidade, e fixando o número de asistentes ou asesores para a sesión correspondente.

En base os anteriores presupostos, a vista da situación plantexada, cumpridos os principios de garantía do procedemento, resolvo a cuestión plantexada dictando o seguinte laudo conforme o artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos Colectivos de Traballo publicado no D.O.G. de 04.05.95.

UNICO: O número de asistentes ou asesores as representacións sindicais que forman parte da comisión deliberadora do convenio colectivo provincial do comercio de alimentación da provincia de Pontevedra será de xeito ordinario de dous asesores ou asistentes por cada central sindical, poidendo o presidente do convenio, para unha cuestión específica alterar o número incrementando, e comunicando a estes efectos tal aumento puntual ó resto de membros da comisión deliberadora coa necesaria antelación.

O presente laudo poderá ser recurrido ante a xurisdicción social nos termos establecidos no apartado 4 do artigo 24 do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA).

Dado en Vigo, a 3 de marzal de 2004.—O árbitro.

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo da empresa “KVAERNER EUREKA ESPAÑOLA, S. A.”, con número de código 3602002, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o día 11/03/2004, subscrito, en representación da parte económica por unha representación da empresa, e, da parte social, polos delegados de persoal, en data 14/11/2003. De conformidade co disposto no artigo 90, 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto

1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

ACORDA:

Primeiro.—Ordena-la súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.—Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.—Dispoñe-la súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, e no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, dezaseis de marzo de dous mil catro.—O Delegado Provincial, Joaquín Macías Sánchez. 2504

KVAERNER EUREKA ESPAÑOLA, S. A.

Convenio colectivo 2003

ARTÍCULO 1º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

El presente Convenio regulará las condiciones a que se habrán de ajustar las relaciones laborales y económicas que se rigen por la normativa contenida en el vigente Estatuto de los Trabajadores, sus disposiciones de desarrollo y el propio Convenio Colectivo hasta el momento vigente.

Regula las relaciones laborales del personal de Kvaerner Eureka Española, S.A., aunque se encuentre trabajando fuera del centro habitual de trabajo.

El Anexo 1 refleja al personal de Dirección que queda excluido de este marco de relaciones laborales.

ARTÍCULO 2º.—VIGENCIA - DENUNCIA

El presente Convenio Colectivo tendrá una vigencia de un año, entrando en vigor a partir del 1 de Enero de 2003 y finalizando el 31 de Diciembre de 2003.

De conformidad con la legislación vigente, el Convenio quedará automáticamente denunciado con un mes de antelación a la fecha de finalización del mismo, que es la expresada del 31 de Diciembre de 2003. Igualmente se considerará prorrogado hasta la entrada en vigor del siguiente Convenio.

ARTÍCULO 3º.—JORNADA DE TRABAJO

Durante la vigencia de este Convenio la jornada laboral se establecerá a razón de:

1.776 horas anuales de trabajo efectivo en 2003.

El tiempo de descanso (bocadillo) durante la jornada se considerará tiempo de trabajo efectivo.

El trabajador deberá hallarse en disposición de iniciar su actividad en el puesto de trabajo, con su correspondiente indumentaria, al toque de sirena u otro sistema que se establezca.

La jornada normal será computada en consideración a la iniciación de la labor en el puesto de trabajo y finalización de éste, y no por el concepto de entrada y salida de la factoría.

La fijación del horario de trabajo es facultad de la dirección de la empresa, de acuerdo con el Comité, prevaleciendo el criterio que suponga una reducción de costes, aumento de ventas, o bien favorezca las necesidades coyunturales de producción. En caso de desacuerdo se aplicará lo dispuesto en el Estatuto de los Trabajadores.

La jornada laboral normal se distribuirá de lunes a viernes.

ARTÍCULO 4º.—VACACIONES

Las vacaciones serán de 30 días naturales que se disfrutarán, en general, según el calendario laboral aprobado. No obstante, la empresa, con el fin de no interrumpir el servicio que presta a sus clientes, podrá acordar con algunos trabajadores otras fechas de vacaciones.

